

1

A organización política do mundo

SABER

- Que é un Estado, os seus tipos e funcións.
- A cooperación entre os Estados. A ONU.
- Os conflitos entre Estados.
- A Unión Europea.
- A organización política e territorial de España.

SABER FACER

- Interpretar o mapa político do mundo.
- Clasificar un Estado.
- Traballar con estatísticas.
- Analizar o Estado de benestar.
- Valorar o papel das redes sociais na política.
- Analizar a situación dun país.
- Facer unha ficha dun Estado consultando *The World Factbook*.

FACÉMONOS PREGUNTAS.

Por que cambian as fronteiras?


As fronteiras políticas teñen un carácter subxectivo e cambian co tempo. Trázanse tendo en conta os intereses das grandes potencias, as rivalidades políticas e os desafíos xeoestratéxicos, a miúdo sen considerar os aspectos culturais.

Tamén hai fronteiras non recoñecidas por todos os países: Taiwán, Kosovo...



Muro de Berlín.

Tras a caída do muro de Berlín en 1989, reunificáronse a República Federal Alemá (RFA) e a República Democrática Alemá (RDA).







Da antiga Iugoslavia xurdiron diferentes Estados despois de varios conflitos e guerras que se desenvolveron entre 1991 e 2001.

? INTERPRETA A IMAXE

- Que cambios de fronteiras sufriron os Estados representados nestes mapas?
- Sabes se estes países manteñen actualmente estas fronteiras?
- Cal é o cambio territorial máis recente?

Cambios de fronteiras recentes máis significativos



Bandeira de Sudán do Sur.

A independencia de Sudán do Sur proclamouse en 2011.

COMO O SABEMOS?

Nos tratados políticos internacionais os diplomáticos delimitan as fronteiras dos novos Estados. Por exemplo, os tratados de paz asinados entre 1919 e 1920 tras a Primeira Guerra Mundial estableceron a creación en Europa de moitos Estados novos (Austria, Hungría, Albania, Unión Soviética...).

- Busca información sobre os cambios territoriais que se produciron tras as conferencias de paz da Segunda Guerra Mundial (1939-45) e indica se se manteñen na actualidade esas fronteiras.

SABER MÁIS

As fronteiras dun Estado

As fronteiras dun Estado non son só terrestres; abranguen o espazo aéreo que cobre o seu territorio e, no caso dos Estados costeiros, as augas que se estenden desde a súa costa ata uns 370 km mar dentro. Por iso, os avións e os barcos doutros países necesitan autorización para sucar o seu espazo aéreo e marítimo.

Ademais, as embaixadas e consulados considéranse parte do territorio do país que representan. Por iso, non están sometidos á acción da policía e á xustiza do país en que se encontran.



1. Embaixada de España en Copenhaguen (Dinamarca).



CLAVES PARA ESTUDAR

- Que é un Estado? Que elementos o forman?
- Enumera as funcións principais do Estado.
- Define: Estado de benestar, Estado frustrado.

PENSA. Cres que é o mesmo Estado e nación? Explica.

1

Os Estados actuais

Que é un Estado

O **Estado** é a unidade política e administrativa superior que rexe un territorio e á súa autoridade están sometidos todos os seus habitantes.

Os Estados están formados por un **conxunto de cidadáns**, cuns dereitos recoñecidos e cunhas obrigas, como pagar impostos; e por un **territorio**, delimitado por unhas fronteiras, sobre o que exercen o seu poder. (1)

Tamén contan cun conxunto de **leis** que regulan a convivencia e que todos os cidadáns están obrigados a cumprir. Nos países democráticos, a norma principal é a Constitución, onde se fixan os principios dos que derivan as demais leis.

Ademais, os Estados crean distintas **institucións** para facer efectivas as súas decisións: unha policía para manter a orde pública; un exército para defenderse das agresións exteriores; un corpo de diplomáticos que se ocupan das relacións con outros Estados e uns funcionarios que executan as políticas.

Os Estados posúen uns **símbolos** que os identifican, como son un himno, unha bandeira, unha capital e, moitas veces, unha moeda.

Os Estados cambian

Na actualidade, o mundo está formado por **uns 200 Estados**. Pero o seu número e o seu territorio variaron ao longo da historia; pódense reducir ou ampliar como resultado, por exemplo, dunha guerra, dun proceso de independencia ou dun tratado internacional.

Moitos Estados teñen unha longa traxectoria. Así, Exipto conta cunha historia de máis de 5.000 anos. Outros, polo contrario, formáronse recentemente. Por exemplo, Timor Leste naceu no ano 2002; Montenegro, en 2006; e Sudán do Sur, en 2011.

As funcións do Estado

O Estado desempeña numerosas funcións. Entre elas podemos destacar as seguintes:

- **Establece relacións internacionais:** funda embaixadas e consulados noutros Estados, intégrase en institucións internacionais... A maioría das veces, os conflitos entre Estados soluciónanse de maneira pacífica mediante acordos, pero en ocasións xorden problemas que poden chegar a derivar en guerras.
- **Garante a seguridade nacional:** mantén a orde pública dentro das súas fronteiras e defende o seu territorio e os seus cidadáns contra as agresións exteriores.
- **Regula a economía e as relacións laborais:** crea normas para regular as actividades dos axentes económicos e políticas orientadas ao crecemento económico.
- **Proporciona servizos básicos** á poboación, como educación, sanidade, transporte...

Os Estados frustrados

Os Estados frustrados son os que presentan un **baleiro de poder** que lles impide controlar o seu territorio e defender os seus cidadáns de grupos terroristas, paramilitares ou da delincuencia organizada. Estas circunstancias convértenos en Estados inseguros para a poboación que vive neles.

Os Estados frustrados non poden garantirlle á súa poboación os servizos esenciais, nin relacionarse con outros Estados. Adoitan ter gobernos débiles e elevados niveis de corrupción.

Actualmente, estímase que existen arredor de 40 países que son Estados frustrados. **(2)**

O Estado de benestar


No pasado, os Estados tiñan como misión o mantemento da orde, a defensa do territorio e o establecemento de relacións internacionais. Pero, ao longo do século XX, as funcións do Estado ampliáronse e, hoxe, consideramos que tamén debe intervir na marcha da economía e proporcionar servizos básicos á poboación.

Para iso, moitos Estados, co diñeiro dos impostos:


- Poñen a disposición dos cidadáns uns **servizos públicos**, como a sanidade ou a educación gratuítas para todos.
- Outorgan **subvencións e subsidios** para atender as necesidades da poboación.
- Establecen un **sistema de pensións** que permite vivir dignamente á poboación xubilada ou á que non tivo ocasión de traballar.

É o que chamamos **Estado de benestar ou Estado social**. Na actualidade, só existe nos países desenvolvidos e é máis forte en Europa ca noutros continentes. **(3)** Outros Estados non prestan os servizos máis básicos á maioría da poboación porque carecen de recursos suficientes para sufragar os gastos que estes requiren.

2. ÍNDICE DE FRAXILIDADE ESTATAL




FONTE: Center for Systemic Peace. 2014.



1 INTERPRETA O MAPA.

- En que rexións do mundo o poder estatal se encontra máis ameazado?
- Que motivos pensas que explican esa fraxilidade?

3. O GASTO PÚBLICO DA UNIÓN EUROPEA



2 INTERPRETA O GRÁFICO.

- Que porcentaxe do PIB supón o gasto público?
- A que funcións se destina a maioría do gasto?

→ SABER FACER



Interpretar o mapa político do mundo

Na actualidade, o mundo está formado por uns 200 Estados, con grandes diferenzas entre eles. (4)

Uns Estados son moi grandes; por exemplo, Rusia, que é o máis extenso do mundo. Outros son microestados, e o seu territorio pode abranguer só unha cidade; é o caso de Mónaco, Cidade do Vaticano e Singapur.

Ademais, non todos son igual de poderosos. Estados Unidos, China, Xapón, os países da UE e Rusia son potencias importantes, pero a maioría dos Estados teñen pouca influencia sobre os demais.


O mapa político permíteche unha primeira caracterización dun país. Fíxate:


- **Na situación:** coordenadas xeográficas, continente ao que pertence, se é interior ou costeiro.
- **No tamaño:** grande, mediano, pequeno ou microestado.
- **Na forma:** compacta, alongada, fragmentada...
- **Nas fronteiras,** tanto naturais (ríos, montañas, etc.) coma políticas. Estas últimas represéntanse mediante liñas e/ou cores.
- **Na capital:** un Estado pode ter unha ou dúas capitais, que se indican cun punto.

FAINO ASÍ


- Anota o nome dos sete Estados máis grandes e das súas capitais.
 - En que continente se encontra cada un? Son países costeiros?
 - Fíxate nas fronteiras dos Estados de África; moitas son rectilíneas. A que cres que se debe?
- **TRABALLO COOPERATIVO.** Divide a clase en grupos, un por cada continente habitado. Cada grupo anotará os seguintes datos sobre o seu continente:
 - Os países e as súas capitais.
 - Os países interiores e os costeiros.

4. OS ESTADOS DO MUNDO






5. NIVEL DE DEMOCRACIA NO MUNDO




FONTE: Economist Intelligence Unit, *Índice de democracia 2012*.
Este índice vén determinado polo proceso electoral, as liberdades civís e a participación política.



5 INTERPRETA O MAPA.

- En que rexións do mundo se alcanzan os maiores índices de democracia? E os máis baixos?
- Identifica os países africanos con menor índice de democracia.

6. O SISTEMA DEMOCRÁTICO



Os Estados democráticos

Nos Estados democráticos ou de Dereito (5) o poder está repartido para evitar que unha soa persoa ou un grupo controle todo o Estado: (6)

- O **Parlamento** ten o **poder lexislativo**, é dicir, aproba as leis e controla o Goberno.
- O **Goberno** ten o **poder executivo**, o que significa que aplica as leis e que administra o país.
- Os **xuíces** exercen o **poder xudicial**: coidan de que os cidadáns e as institucións cumpran as leis.

Os cidadáns participan no goberno. Como é difícil que todos interveñan directamente, elixen nas **eleccións**, a través do **sufraxio** ou voto, uns representantes que gobernen por eles. Todos os cidadáns e cidadás maiores de idade poden votar e presentarse ás eleccións.

As eleccións deben cumprir uns requisitos. As persoas ou partidos políticos que se presentan a elas deben poder expoñer libremente o seu programa, sen censuras. As eleccións deben celebrarse periodicamente para impedir que as persoas se perpetúen no poder e teñen que existir garantías da limpeza dos resultados.

Todas as persoas están obrigadas a respectar as leis nun Estado de Dereito. A **Constitución** é a lei máxima. Nela defínese a forma do Estado e regúlanse os dereitos e os deberes das persoas.

As ditaduras

Nas ditaduras **todos os poderes** do Estado están **nas mans dunha persoa ou dun grupo** (o exército, os líderes relixiosos, un grupo étnico, etc.). Moitas veces, estas persoas tomaron o poder de forma violenta tras un golpe de Estado ou unha revolución. En consecuencia, **a maioría dos cidadáns non participan no goberno.**

O Goberno **non reconece os dereitos humanos**, só respecta as leis que el dita e non existen institucións que defendan os cidadáns se se vulneran os seus dereitos. O Goberno utiliza a **represión** para eliminar calquera oposición política.

En moitos países hai **falsas democracias**, é dicir, ditaduras encubertas. Os seus gobernantes convocan eleccións ás que só pode presentarse un partido ou, se se presentan máis, amañan os resultados.

As monarquías e as repúblicas

As **monarquías** son Estados en que o xefe do Estado é un **rei**, que posúe o seu cargo por dereito de nacemento e que o transmite aos seus descendentes. (7) A monarquía pode ser **ditatorial ou democrática**.

Hai monarquías democráticas de dous tipos:

- **Monarquía constitucional**, se o monarca participa nos labores de goberno na medida que se estipule na Constitución.
- **Monarquía parlamentaria**, se o monarca é o xefe do Estado, pero non exerce acción ningunha de goberno. España, por exemplo, é unha monarquía parlamentaria.

As **repúblicas** son Estados en que o xefe do Estado é un **presidente**. Nas repúblicas que son ditaduras, o presidente é elixido polos grupos de poder, mentres que nas repúblicas democráticas son os cidadáns os que o elixen.

As repúblicas democráticas poden ser de dous tipos:

- **República parlamentaria**, cando o xefe do Estado é elixido polo Parlamento e non coincide co xefe do Goberno.
- **República presidencialista**, cando o xefe do Estado coincide co xefe do Goberno e é elixido directamente polos cidadáns. Estados Unidos, por exemplo, é unha república presidencialista.

Os Estados segundo a relixión

Segundo a posición que a relixión ocupa dentro do Estado, existen Estados laicos, confesionais e teocráticos.

- Os **Estados laicos** presentan unha separación total entre a relixión e o Estado. Os cidadáns poden profesar a relixión que desexen ou ningunha, e as leis non se basean nunha doutrina relixiosa.


Ás veces, os Estados laicos establecen acordos con algunhas relixións para ofrecerlles certas vantaxes pola súa tradicional importancia social.

- Nos **Estados confesionais** hai unha relixión oficial que goza de amplos privilexios.

Existen Estados confesionais democráticos (por exemplo, Reino Unido, Suecia, Dinamarca...), en que está permitida a práctica doutras relixións. Non obstante, na maioría dos Estados confesionais está prohibida a práctica doutra relixión diferente da oficial.

- Os **Estados teocráticos** profesan unha relixión oficial, os libros relixiosos son a lei e os relixiosos teñen unha enorme influencia política. Nestes Estados está prohibido practicar outras relixións.

7. MONARQUÍAS E REPÚBLICAS



6 INTERPRETA O MAPA.

- Que forma de goberno é máis frecuente, a monarquía ou a república?
- Enumera cinco monarquías e cinco repúblicas e indica en que continentes se encontran. Despois, observa o mapa do documento 5 e sinala o seu grao de democracia.



CLAVES PARA ESTUDAR

- Define: Estado democrático, ditadura, monarquía, república.
- Explica a separación de poderes nun Estado democrático.
- Cal é a diferenza entre unha monarquía constitucional e unha parlamentaria?
- Segundo a posición que ocupa a relixión, que tipos de Estado existen? Explicaos.

PENSA. Que tipo de Estado é España: democracia ou ditadura; monarquía ou república; laico, confesional ou teocrático?

A organización territorial do Estado

Os Estados organízanse en unidades territoriais menores para administrar mellor o seu territorio. Estas divisións reciben diferentes nomes en cada país: comunidades autónomas, cantóns, departamentos... Por iso, nun Estado adoitan existir dous tipos de institucións de goberno: estatais, e rexionais e locais.

- As **institucións estatais** toman decisións que afectan a todo o territorio do Estado. Son o Parlamento Nacional, o Goberno do país e os tribunais superiores.
- As **institucións rexionais e locais** toman decisións que só afectan ao ámbito territorial ao que pertencen (rexión, provincia, municipio...).

En función de como se organizan as relacións entre as institucións estatais e as institucións rexionais e locais, podemos distinguir entre Estados centralizados e Estados descentralizados. (8)

Os Estados centralizados

Nun Estado centralizado a **Administración central goberna todo o territorio** do Estado. Existen institucións rexionais e locais, pero non teñen autonomía de goberno, senón que dependen das institucións estatais. Os funcionarios das entidades locais e rexionais son elixidos pola Administración central.

Francia, Ecuador e Nova Zelandia son exemplos de Estados centralizados.

Os Estados descentralizados

Nun Estado descentralizado, aínda que as institucións estatais exercen a súa autoridade en todo o Estado e existen unhas leis comúns para todos os territorios, **as rexións teñen as súas institucións propias**: un Parlamento, un Goberno e uns tribunais. Os cidadáns elixen os membros dos Gobernos e parlamentos locais e rexionais, **que non dependen das institucións estatais**.

Estas institucións dispoñen de amplos poderes nos seus territorios. As súas **competencias**, é dicir, as materias sobre as que teñen poder, defínense na Constitución. As institucións rexionais só poden ditar normas sobre estas materias, e esas normas rexen unicamente no seu territorio.

Estados Unidos é un Estado descentralizado.

8. A ESTRUCTURA TERRITORIAL DO ESTADO



7 INTERPRETA O GRÁFICO. Quen toma as decisións nun Estado centralizado? E nun descentralizado?



CLAVES PARA ESTUDAR

- Explica a diferenza entre un Estado centralizado e un descentralizado.

PENSA. Un Estado democrático debe ter algunha destas dúas formas de organización territorial obrigatoriamente?

➔ **SABER FACER**

Clasificar un Estado segundo a súa organización territorial

ESPAÑA DIVÍDESE EN 17 COMUNIDADES AUTÓNOMAS E 2 CIDADES AUTÓNOMAS




COMPETENCIAS EXCLUSIVAS DO ESTADO

- Nacionalidade, estranxeiría e asilo.
- Relacións internacionais e aduanas.
- Defensa e Forzas Armadas.
- Lexislación sobre propiedade intelectual e industrial.
- Moeda e ordenación de banca e seguros.
- Facenda xeral e débeda do Estado.
- Espazo aéreo e servizo meteorolóxico.
- Tráfico, correos e telecomunicacións.
- Minería e enerxía.
- Armas e explosivos.
- Títulos académicos e profesionais.
- Convocatoria de referendos.

CADA COMUNIDADE AUTÓNOMA DIVÍDESE EN PROVINCIAS



CADA PROVINCIA DIVÍDESE EN MUNICIPIOS



ORGANIZACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

	ASEMBLEA	CONSELLO DE GOBERNO
Composición	Deputados autonómicos (elixidos por sufraxio universal)	Presidente (elixido pola asemblea) Conseleiros (elixidos polo presidente)
Funcións	<ul style="list-style-type: none"> ■ Aprobar leis. ■ Aprobar os orzamentos da Comunidade Autónoma. ■ Controlar a acción do Consello de Goberno. ■ As demais que lles atribúe a Constitución e o Estatuto de Autonomía. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Exercer o poder executivo e a potestade regulamentaria da Comunidade Autónoma.

ORGANIZACIÓN MUNICIPAL

	PLENO	ÓRGANOS DE GOBERNO
Composición	Concelleiros (elixidos por sufraxio universal) Alcalde (elixido polos concelleiros ou polos veciños)	Alcalde Xunta de Goberno (designada polo alcalde)
Funcións	<ul style="list-style-type: none"> ■ Control e fiscalización. ■ Alteración de termos, capitalidade, denominación, bandeira e escudo. ■ Aprobación de regulamentos e ordenanzas. ■ Aprobación do orzamento municipal. ■ Establecemento de tributos. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Dirixir o Goberno e a Administración municipal. ■ Ditar bandos. ■ Dispoñer gastos. ■ Desempeñar a xefatura de persoal. ■ Sancionar as infraccións. ■ Outorgar licenzas.

Coñecer as distintas entidades administrativas en que se divide o territorio dun Estado, as institucións que gobernan cada unha delas, así como quen elixe os seus membros, as competencias desas institucións e o seu grao de dependencia respecto á Administración central permítenos clasificar un Estado como centralizado ou descentralizado.

FAINO ASÍ

- 8** • En que unidades territoriais se divide o Estado español?
- Que competencias son exclusivas do Estado? Sabes cales son algunhas das competencias autonómicas?
- Que institucións gobernan nas Comunidades Autónomas? Que funcións teñen?
- Quen goberna o municipio? Como son elixidos os seus membros?
- Xustifica por que España é un Estado descentralizado.

DESCUBRE


Axuda Oficial ao Desenvolvemento

A AOD son os recursos que países industrializados doan aos países menos desenvolvidos.

En 2007, España ocupaba o sétimo posto entre os doadores. Pero entre 2008 e 2013 esta axuda reduciuse un 70%, situando a España á cola dos doadores europeos.

AOD española

En millóns de €



9 EDUCACIÓN CÍVICA. A que cres que obedecen os recortes? Estás de acordo con eles? Por que?

4

A cooperación entre os Estados

A regulación das relacións internacionais

Os Estados establecen relacións, normalmente pacíficas:

- Establecen **contactos diplomáticos** con outros países.
- Manteñen **intercambios económicos** para abastecerse de mercadorías e servizos que lles faltan e vender o que lles sobra.
- Existen **movimentos de poboación** entre os Estados por motivos de traballo, estudos, turismo...
- Establecen **relacións culturais**, como os acordos entre universidades e centros de investigación.

Para facilitar as súas relacións, os Estados asinan **acordos, pactos e tratados**. Tamén se creou o **dereito internacional**, unha serie de normas que todos os Estados deben cumprir.

As organizacións internacionais

As **organizacións internacionais** son asociacións que os Estados crearon voluntariamente para tratar cuestións de interese común, adoptar decisións sobre elas e solucionar conflitos. (9)

Existen organizacións internacionais de alcance mundial, e outras que agrupan países dunha zona determinada, como a UE ou a Liga Árabe. Algunhas teñen obxectivos variados, como a ONU, e outras ocúpense só dunha materia, como a OTAN, unha organización militar constituída por 28 Estados nun sistema de defensa común.

O principal organismo internacional de mediación entre os Estados é a **Organización das Nacións Unidas (ONU)**.

9. ALGUNHAS ORGANIZACIÓNS INTERNACIONAIS



A ONU

A **Organización das Nacións Unidas (ONU)** foi fundada en 1945, despois da Segunda Guerra Mundial, cando os Estados se deron de conta de que era necesario crear unha institución que resolvese os conflitos de forma pacífica. Na actualidade, 193 países, case todos os Estados do mundo, forman parte desta organización.

A ONU ten tres **obxectivos** principais:

- **Defender os dereitos humanos.** A ONU aprobou importantes documentos, como a Declaración dos Dereitos Humanos, a Declaración dos Dereitos do Neno e a Declaración dos Dereitos da Muller. Todos os membros da ONU deben respectar os dereitos que se recollen nelles. (21)
- **Manter a paz.** Emite resolucións de obrigado cumprimento para os países involucrados nun conflito. Se un país non as respecta, a ONU pode sancionalo, incluso a través dunha intervención militar. Nacións Unidas tamén organiza misións de paz en países en conflito. (12)
- **Traballar na cooperación internacional.** Os organismos especializados de Nacións Unidas formulan recomendacións sobre materias concretas.

Desenvolve, ademais, **programas específicos**. Por exemplo, o Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD) e o Fondo das Nacións Unidas para a Infancia (Unicef).

A ONU ten algúns **puntos débiles** que dificultan o seu labor. Hai cinco Estados (Estados Unidos, Rusia, China, Reino Unido e Francia) que poden vetar as decisións, polo que queda exposta aos seus intereses. Ademais, non ten financiamento propio nin un exército propio, polo que depende das achegas dos Estados.

Nacións Unidas conta cuns órganos principais e algúns organismos especializados para desenvolver a súa actividade:



CLAVES PARA ESTUDAR


- De que xeito se regulan as relacións entre os Estados? Pon exemplos.
- Que son as organizacións internacionais? Cal é a máis importante?
- Explica os obxectivos da ONU. Con que institucións e organismos especializados conta para desenvolvelos?

PENSA. Por que é importante a Declaración Universal dos Dereitos Humanos?









NACIONES UNIDAS (ONU)

Órganos principais



- **Secretario Xeral.** Actúa como voceiro da comunidade internacional. Noméao a Asemblea Xeral.
- **Asemblea Xeral.** É o principal órgano deliberativo. Está composta por representantes de todos os Estados membros.
- **Consello de Seguridade.** A súa misión é manter a paz e a seguridade. Fórmano 15 membros, cinco deles con dereito a veto (EUA, Rusia, Reino Unido, Francia e China). As súas decisións son de obrigado cumprimento.

Organismos especializados

-  • **UNICEF.** Promove a protección, a supervivencia e o desenvolvemento dos nenos no mundo.
-  • **UNESCO.** Contribúe á paz e á seguridade no mundo mediante a educación, a ciencia, a cultura e as comunicacións.
-  • **FAO.** Organiza programas para mellorar a nutrición da poboación.
-  • **OMS.** Impulsa accións para lograr o máximo nivel de saúde posible da poboación mundial.
-  • **ACNUR.** Ofrece protección aos refuxiados.
-  • **OIT.** Ocúpase de mellorar as condicións de traballo.




10. Atentado en Boston (EUA) o 15 de abril de 2013.
Os terroristas fixeron estourar varias bombas durante a celebración dun maratón.



10 INTERPRETA O MAPA.

- En que rexións é maior o impacto do terrorismo global? A que cres que se debe?
- Enumera os países máis prexudicados polo terrorismo.

11. O IMPACTO DO TERRORISMO NO MUNDO



Tipos de conflitos

En ocasións, prodúcense **conflitos entre os Estados** por motivos moi diversos, como o control dos recursos naturais (petróleo, diamantes, auga...), disputas territoriais, enfrontamentos nacionalistas ou étnicos, diferenzas relixiosas ou culturais, etc.

- Os **conflitos económicos** son os máis frecuentes. Prodúcense cando chocan os intereses económicos de dous ou máis Estados. Poden provocar presións económicas, aumento dos aranceis e, nos casos máis graves, embargos económicos, é dicir, a prohibición de comerciar.
- Tamén son frecuentes os **conflitos diplomáticos**, causados por cuestións políticas ou por incidentes fronteirizos.
- Os máis graves son os **conflitos armados**, que poden estalar por motivos diversos e nos que a violencia provoca numerosas vítimas.


Tamén poden producirse **conflitos dentro dun mesmo Estado**, como o enfrontamento entre os hutus e os tutsis en Burundi entre 1993 e 2005 ou a guerra civil en Somalia iniciada en 1991.

A escalada do terrorismo

O **terrorismo** é unha forma de conflito en que un Estado se enfronta a grupos armados que utilizan a violencia indiscriminada contra a poboación e as institucións, coa intención de aterrorizalas e sometelas ao seu dominio. É unha das grandes ameazas para a paz e a liberdade (10 e 11).

Ata o atentado de Al-Qaeda contra as Torres Xemelgas de Nova York o 11 de setembro de 2001, o terrorismo supoñía un conflito interno dalgúns Estados. Desde entón, iniciouse o chamado **terrorismo global**, que presenta os seguintes trazos:

- Ten unha **estrutura internacional**, é dicir, varios grupos terroristas dispersos por todo o mundo actúan de forma coordinada no nome dunha organización terrorista.
- Os seus **obxectivos** son **internacionais** e intentan crear un bloque de países baixo o seu control ideolóxico e político.
- Posúe un forte **compoñente relixioso**.
- Actúa en calquera parte do mundo, levando a cabo **accións indiscriminadas**, moi sanguentas e con gran valor simbólico.



12. OPERACIÓNS EN CURSO DE MANTEMENTO DA PAZ MUNDIAL

A intervención da comunidade internacional

A intervención da comunidade internacional ante un conflito grave entre Estados está tutelada pola **ONU**. As Nacións Unidas só autorizan o uso da forza no caso de lexítima defensa ante unha agresión ou para axudar os pobos que están baixo dominio dun imperio colonial e desexan independizarse.


Os membros da ONU están obrigados a resolver de forma pacífica as desavinzas entre eles e a poñer as súas forzas armadas á disposición do Consello de Seguridade da organización para restablecer a paz alí onde esta fose quebrantada. Con todo, este compromiso rompeuse moitas veces.

Cando non é posible atopar unha solución pacífica para un conflito e corren perigo a vida e a liberdade dos pobos implicados, a ONU pode aplicar o chamado dereito de inxerencia.

O **dereito de inxerencia** supón a intervención nun Estado mediante a forza e sen o seu consentimento para protexer a poboación civil da violencia repetida e indiscriminada á que se ve sometida ou para axudala en situacións de urxencia derivadas do conflito que vive, como xenocidios, fames...

As **Forzas de Paz** da ONU, coñecidas como **Cascos Azuis** pola cor do seu uniforme, están formadas por militares dos exércitos dos países que integran a ONU. A súa función principal é crear ou manter a paz en áreas de conflito. (12) En ocasións, a ONU autoriza a outras organizacións a actuar no seu nome, por exemplo, á OTAN.

13. GASTOS MILITARES E AOD




11 EDUCACIÓN CÍVICA.
 Que reflicte o gráfico?
 Expressa a túa opinión.

CLAVES PARA ESTUDAR

- Que tipos de conflitos poden xurdir entre os Estados?
- Define: terrorismo global, dereito de inxerencia, Cascos Azuis.

PENSA. Segundo os criterios da ONU, existen guerras lexítimas?

14. FITOS NA HISTORIA DA UE



CLAVES PARA ESTUDAR

- Por que se creou a CEE? En que se diferencia a UE dela?
- Enumera as principais institucións da UE e di cales son as súas funcións.

PENSA. O lema da UE é: «Unida na diversidade». A que se refire?

A historia da UE

Tras a Segunda Guerra Mundial (1939-1945), retomouse a idea de crear unha organización para fomentar a cooperación entre os países europeos. (14) Esta cooperación tiña **dous obxectivos** fundamentais:

- **Consolidar a paz** e evitar novas guerras en Europa.
- **Competir unidos** fronte ás grandes superpotencias, que tras a guerra mundial eran Estados Unidos e a Unión Soviética.

En 1951, Bélxica, a República Federal de Alemaña, Francia, Italia, Luxemburgo e os Países Baixos crearon a **Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro (CECA)** para explotar conxuntamente a extracción de carbón e a produción de aceiro, dous produtos estratéxicos entón para o crecemento económico.

Os bos resultados animáronos a ampliar a súa cooperación. En 1957, asinaron os **Tratados de Roma**, que constituíron a **Comunidade Económica Europea (CEE)** e a **Comunidade Europea da Enerxía Atómica (EURATOM)**. Os países da CEE:

- Desenvolveron **políticas económicas comúns**.
- Estableceron a **liberdade de circulación** de bens, servizos, traballadores e capitais: os produtos dun país poderían venderse noutros países da CEE sen sufrir recargas especiais. Así, as empresas europeas crecerían ao contar cun mercado máis amplo.
- Desenvolveuse o **Dereito comunitario**, leis comúns de obrigado cumprimento en todos os Estados membros. Deste xeito foise estreitando a cooperación política.

En 1993 entrou en vigor o **Tratado de Maastricht** e a CEE pasou a chamarse **Unión Europea (UE)**. Hoxe a UE fórmana 28 países. (15)

Unión económica e coordinación política

Nos últimos tempos déronse pasos cara a unha maior integración económica e política:

- En 2002 fíxose realidade a **unión económica e monetaria** coa entrada en circulación da moeda única, o **euro**. Inicialmente só 12 países adoptaron o euro. A comezos de 2015 eran 19 países.
- A progresiva integración económica puxo de manifesto a necesidade dunha **maior converxencia política**. Por iso, fortaleceuse o papel do Parlamento Europeo, o que daba máis poder aos cidadáns, posto que son eles os que elixen os parlamentarios; e recoñeceuse a **ciudadanía europea** e a libre circulación de cidadáns da UE polos Estados membros.
- Tamén se crearon novos **fondos e políticas de solidariedade** coas rexións menos desenvolvidas, para compensar os desequilibrios, e impulsáronse **políticas sociais e ambientais**.
- O **Tratado de Lisboa**, que entrou en vigor no ano 2009, estableceu unha carta de dereitos fundamentais para todos os cidadáns comunitarios.

As institucións da UE

Os Estados membros da UE delegan parte da súa soberanía nalgúns institucións independentes que representan os intereses da Unión no seu conxunto. En Bruxelas, a capital da UE, cada país ten unha representación permanente para defender o seu interese nacional.

PRINCIPAIS INSTITUCIÓNS DA UE				
Parlamento Europeo	Comisión Europea	Consello da Unión Europea	Tribunais	Organismos especializados
<ul style="list-style-type: none"> Representa os cidadáns da UE. Aproba, xunto co Consello da Unión Europea, a lexislación e o orzamento comunitarios, e controla a Comisión. Os deputados son elixidos por sufraxio universal e repártense en grupos políticos, non por Estados. (17) 	<ul style="list-style-type: none"> Representa os intereses da Unión no seu conxunto. Propón as leis ao Parlamento e ao Consello e vela para que se apliquen os regulamentos, se executen os programas e se utilicen ben os fondos da UE. Está formada por 28 comisarios, un por cada Estado membro. 	<ul style="list-style-type: none"> Representa os Gobernos dos Estados membros. Aproba a lexislación e o orzamento da UE, coordina as políticas económicas dos países membros, asína acordos internacionais e desenvolve a política exterior e de defensa. Está composto polos ministros dos países. 	<p>Tribunal de Xustiza:</p> <ul style="list-style-type: none"> Interpreta o Dereito da UE e vela polo seu cumprimento. Conta cun xuíz por cada Estado membro. <p>Tribunal de Contas:</p> <ul style="list-style-type: none"> Controla a financiación das actividades da Unión. Está formado por un membro de cada país da UE. 	<ul style="list-style-type: none"> Banco Central Europeo (BCE) Banco Europeo de Investimentos Comité das Rexións Comité Económico e Social Europeo Defensor do Pobo Europeo Servizo Europeo de Acción Exterior

Non hai que confundir o Consello da Unión Europea co **Consello Europeo**, a reunión dos xefes de Estado ou de Goberno que se celebra catro veces ao ano para definir as orientacións e as prioridades políticas xerais da UE.



12 INTERPRETA O MAPA.

- Que país se incorporou na última ampliación? Cando o fixo España?
- Que países son candidatos á UE?
- Cales pertencen á zona euro?




15. AMPLIACIÓN DA UNIÓN EUROPEA

16. COMO SE GASTA O ORZAMENTO DA UNIÓN EUROPEA



17. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO EUROPEO



13 INTERPRETA OS GRÁFICOS.

- A que se destina a maior parte do orzamento da UE?
- Cales son os grupos políticos maioritarios no Parlamento?

A Unión Europea acolle só o 7% da poboación do planeta, pero é a primeira potencia mundial en volume de produción (un 25% do PIB mundial) e de comercio (realiza algo máis do 30% do comercio exterior global). Non obstante, a UE ten unha serie de problemas e asuntos pendentes por resolver.

A ampliación

Desde a súa fundación en 1957 ata 2015, a Unión Europea pasou de seis Estados membros a 28 en sucesivas ampliacións. **(15) España ingresou en 1986.**

Cada etapa de ampliación xerou debates. As ampliacións aumentan o potencial da UE, pero xorden problemas de adaptación dos novos membros á organización e ás políticas europeas, moitos deles cun grao de desenvolvemento e de democratización inferiores aos da media comunitaria.

Para ingresar na UE, un país debe cumprir tres criterios:

- Dispoñer dunhas institucións estables que garantan a democracia e os dereitos humanos.
- Posuír unha economía de mercado capaz de competir nos mercados internacionais.
- Asumir as obrigas dos Estados membros.

Os **países candidatos** (Macedonia, Islandia, Montenegro, Albania, Serbia e Turquía) son os que están en proceso de incorporar a lexislación comunitaria ao seu dereito nacional. Durante o período de negociación, reciben axuda da Unión Europea para financiar proxectos estruturais e facilitar a aproximación das súas economías ás dos países membros.

Tamén existen **países candidatos potenciais** (Bosnia e Hercegovina e Kosovo), que son os que non cumpren aínda os requisitos para o seu ingreso.

Un novo modelo económico

Para facer fronte aos retos dun mundo globalizado e ás consecuencias da forte crise económica que se desatou no ano 2007, a UE estableceu en 2010 a chamada **Estratexia Europea 2020**, que fixou varios obxectivos:

- Corrixir os defectos do seu modelo de crecemento e xerar un modelo económico sustentable social e medioambiental.
- Aumentar a súa competitividade fronte ás novas potencias económicas fomentando a calidade educativa, a investigación e a innovación.
- Loitar contra a pobreza, a segregación e os desequilibrios na repartición da riqueza.
- Fortalecer o euro. Para iso, será necesario aumentar as políticas de converxencia en cuestións económicas: homoxeneizar as políticas fiscais e orzamentarias, outorgar maior peso ás decisións do Banco Central Europeo e harmonizar máis as normativas económicas.

Reducir os grandes contrastes internos

Na Unión Europea existen grandes contrastes económicos e sociais entre os países membros. (18) Para reducir estas diferenzas e procurar un crecemento equilibrado, a UE desenvolve unha **Política Rexional**. Entre 2007 e 2013, o gasto rexional foi duns 347.000 millóns de euros, algo máis dun terzo do orzamento da UE.

A Política Rexional fixou tres **obxectivos**:

- Axudar a cada rexión a alcanzar plenamente o seu potencial.
- Aumentar a competitividade e o emprego no ámbito das rexións.
- Consegui que os países que se foron incorporando desde 2004 alcancen o nivel de vida da media da Unión Europea.

A UE materializa a súa Política Rexional a través do **Fondo de Cohesión** e dos **Fondos Estructurais**, que son dous:

- O **Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER)**, que se destina a infraestruturas e investimentos produtivos que poden crear emprego.
- O **Fondo Social Europeo (FSE)**, que financia proxectos de formación profesional e programas de axuda ao emprego.

O **Fondo de Cohesión** financia proxectos de infraestruturas relacionados co medio ambiente e cos transportes coa condición de que o déficit público do Estado beneficiario estea controlado.

Un escaso orzamento

Para levar a cabo as súas políticas, a Unión Europea conta cun **orzamento propio**. (16)



Pese a que o orzamento anual da UE foi medrando, aínda supón unha porcentaxe moi pequena da riqueza europea. En 2014 foi de 142.600 millóns de euros, un importe que equivale ao 1% da riqueza que xera a Unión.

Dous retos políticos

O peso económico da Unión Europea non se corresponde co seu **peso político** a nivel internacional, que é moi **reducido**. En moitas ocasións, ante un problema político, a UE non presenta unha postura común e isto limita a súa capacidade de influencia.

Outro problema é o descontento de moitos europeos polo **funcionamento das institucións**: só o Parlamento se elixe democraticamente e moitos consideran mínimo o seu poder real. (17)

18. DESIGUALDADES ECONÓMICAS E DE POBOACIÓN



14 INTERPRETA OS MAPAS.

- Que países teñen o PIB máis alto? En cales é máis baixo?
- Cales son os cinco primeiros países por número de habitantes?



CLAVES PARA ESTUDAR

- Enumera os principais retos da Unión Europea.
- Como enfrenta a UE os contrastes existentes entre os países membros?

PENSA. Son o mesmo Europa e a Unión Europea? Explica a resposta.

O sistema político

A **Constitución** española de 1978 define España como un Estado social e democrático de Dereito.

- É un **Estado social** porque o Estado intervén para lograr unha sociedade máis xusta: promove sistemas de saúde e ensinanza públicos e gratuítos, garante as pensións, ofrece subsidios e axudas aos discapacitados e aos desempregados...
- É un **Estado democrático** porque os cidadáns participan no goberno.
- É un **Estado de Dereito** porque as leis rexen para todos os españois e para as institucións, e porque se recoñecen unha serie de dereitos aos cidadáns.

As principais institucións

As principais institucións do Estado español son a Coroa, as Cortes Xerais, o Goberno e os tribunais e xulgados.



15 USA AS TIC. Entra en <http://www.congreso.es/portal/page/portal/Congreso/Congreso/Diputados/Hemiciclo> e explica como se distribúen os deputados no hemiciclo.



16 INTERPRETA O MAPA.

- Completa unha táboa cos nomes das Comunidades Autónomas de España, as súas provincias e as súas capitais.
- Localiza Galicia. Con que Comunidades limita? E con que Estado?

PRINCIPALES INSTITUCIONES DE ESPAÑA

Xefatura do Estado: a Coroa

O rei é o xefe do Estado.

España é unha **monarquía parlamentaria**, porque os actos do rei deben estar referendados polo Goberno ou polo Parlamento.

- Cumpre funcións simbólicas; por exemplo, representar a España nas relacións internacionais.

Poder legislativo: Cortes Xerais

Congreso dos Deputados

De 300 a 400 deputados elixidos por sufraxio universal cada catro anos.

Senado

Elixidos por sufraxio universal:

- 4 senadores por provincia
- 3 senadores por illa maior (Gran Canaria, Tenerife e Mallorca)
- 1 senador por illa menor ou agrupación
- 2 senadores por Ceuta e 2 senadores por Melilla

Senadores designados polos Parlamentos autonómicos: un por Comunidade e outro máis por cada millón de habitantes.

Principais funcións:

- Elaboran as leis.
- Aprobán os orzamentos.
- Controlan a acción do Goberno.
- Elixen o presidente do Goberno.

Poder executivo: Goberno

- **Presidente.** Votado polo Congreso.
- **Vicepresidentes.**
- **Ministros.** Elixidos polo presidente.

Funcións:

- Dirixe a política interior e exterior.
- Dirixe a Administración civil e militar e a defensa do Estado.
- Goberna pola Constitución e polas leis.

Poder xudicial: Tribunais e xulgados

- **Xuíces e maxistrados.** Son independentes e están sometidos á lei.
- **Tribunal Supremo.** Ten xurisdición en todo o territorio nacional.
- **Tribunal Constitucional.** Interpreta a Constitución no caso de dúbida.

- A súa función é facer cumprir as leis.



19. MAPA POLÍTICO DE ESPAÑA

A organización territorial

Territorialmente, España organízase en municipios, provincias, Comunidades e Cidades Autónomas. (19)

- Hai **máis de 8.100 municipios**, gobernados polos **concellos**.
- Os municipios organízanse en **50 provincias**, administradas polas **deputacións provinciais** ou outras corporacións de carácter representativo. As illas teñen a súa administración propia: **cabidos** en Canarias e **consellos** en Baleares.
- As provincias agrúpanse en **17 Comunidades Autónomas e 2 Cidades Autónomas** (Ceuta e Melilla). Cada Comunidade e Cidade Autónoma ten o seu **Estatuto de Autonomía**, un documento que recolle as súas competencias e as súas institucións de goberno.

En cada Comunidade coexisten as institucións propias e as do Estado. Entre estas últimas está o **delegado do goberno**, que representa o Goberno central e coordina a administración central e a da Comunidade. Tamén vela polo cumprimento das leis estatais e polo mantemento das liberdades públicas e a seguridade cidadá. Para iso dirixe as forzas de seguridade do Estado na Autonomía.



17 USA AS TIC. Consulta a páxina web <http://www.xunta.es>. Di cales son as principais institucións de autogoberno e as súas funcións.



CLAVES PARA ESTUDAR

- Explica por que España é un Estado social, democrático e de Dereito.
- Describe as funcións das institucións españolas.

PENSA. Que límites han de respectar os Gobernos autonómicos?

**18 EDUCACIÓN CÍVICA.**

Le os artigos 2, 138 e 158.2 da Constitución española. Que expresan? Pareceche importante? Por que?

**CLAVES PARA ESTUDAR**

- Explica as desigualdades que existen entre as Comunidades Autónomas de España.
- Que é o principio de solidariedade interrexional?

PENSA. Que consecuencias poden derivar dos desequilibrios económicos interrexionais?

As desigualdades entre os territorios

Entre as Comunidades Autónomas existen grandes diferenzas de distinto tipo: **(20)**

- **Diferenzas de extensión.** Hai Comunidades moi extensas, como Andalucía, e outras moi pequenas, como A Rioxa.
- **Desequilibrios demográficos.** A poboación concéntrase en Madrid, nas rexións costeiras e nas illas, mentres que amplas zonas do interior peninsular están case despoboadas.
- **Desequilibrios económicos.** Madrid, País Vasco, Navarra e Cataluña son as Comunidades cos ingresos medios per cápita máis altos, mentres que os habitantes de Andalucía, Extremadura, Castela-A Mancha e Murcia rexistran os ingresos medios máis baixos.
- **Desigualdades sociais.** A renda dispoñible por habitante determina o nivel de vida da poboación e a taxa de risco de pobreza relativa. Esta última é máis elevada nas rexións economicamente deprimidas e onde a distribución da riqueza é máis desigual.

O **principio de solidariedade**, recollido na nosa Constitución, condiciona a actuación dos poderes públicos, especialmente en materia económica e financeira, que debe dirixirse a reducir os desequilibrios entre as Comunidades. Con este obxectivo tamén se crearon os Fondos de Compensación Interterritorial.

→ SABER FACER**Traballar con estatísticas**

Unha **estatística** é un conxunto de datos cuantitativos. Estes poden ser de moi diversa índole: demográficos, económicos, sociais... Moitas entidades, tanto públicas coma privadas, elaboran estatísticas.

Cando unha mesma estatística se realiza con periodicidade, permítenos coñecer a evolución que tivo ese dato no tempo e prever o seu comportamento no futuro inmediato.





Por todo iso, as estatísticas constitúen unha fonte de información imprescindible para a análise dun territorio e a toma de decisións.

**FAINO ASÍ**

19 Consulta as estatísticas de España que encontrarás no Atlas e responde:

- Que datos ofrecen? Clasifícaos segundo sexan demográficos, económicos ou sociais.
- Que entidade facilita eses datos?
- Comenta as diferenzas entre as Comunidades Autónomas respecto:
 - Ao crecemento natural da poboación
 - Á estrutura por idade
 - Á poboación estranxeira
 - Á taxa de paro
 - Á taxa de pobreza relativa
- Para tomar que decisións gobernamentais é importante coñecer os datos anteriores? Pon exemplos.
- Entra na páxina web do Instituto Nacional de Estatística (www.ine.es) e anota que outros datos proporciona este organismo que resulten relevantes para o estudo xeográfico.

20. CONTRASTES ENTRE AS COMUNIDADES AUTÓNOMAS




20 INTERPRETA OS MAPAS.

- Cal é a Comunidade Autónoma máis extensa? E a menos extensa? Que superficie ten o territorio de Galicia?
- Onde se concentra a maioría da poboación de España? Comenta como se distribúe a poboación en Galicia.
- Que Comunidades xeran maior riqueza? Cales menos?
- Que indica o PIB per cápita? Como é en Galicia, superior ou inferior á media?
- En que Comunidades hai máis poboación dedicada ao sector primario? En cales ten máis peso a industria? E os servizos?



21 RESUME O ESENCIAL. Copia e completa o esquema.



Conceptos


22 Define estes conceptos:

- Estado de benestar
- Estado frustrado
- Estado de Dereito

23 Explica as diferenzas entre os seguintes tipos de Estados e pon un exemplo de cada un.

- Estado democrático e ditadura
- Monarquía e república
- Estado laico e Estado teocrático
- Estado centralizado e Estado descentralizado

24 Copia o bosquejo da organización territorial de España e escribe cada palabra no seu lugar.



- España
- Municipio
- Provincia
- Comunidade Autónoma

25 Escribe o nome das institucións que se encargan do goberno de cada un destes territorios:

- Municipio
- Provincia
- Comunidade Autónoma
- España

26 Copia e completa esta táboa sobre a ONU.

ONU			
Ano de fundación	Estados membros	Obxectivos	Órganos principais
...

- Fai unha táboa semellante sobre a Unión Europea.

27 Elabora un esquema sobre a organización política de España e outro sobre a organización política de Galicia. Non esquezas incluír os seguintes aspectos:

- Poder lexislativo: institución, composición e funcións
- Poder executivo: institución, composición e funcións
- Poder xudicial: institución, composición e funcións

Mapas e gráficos

28 Analiza o sistema político de Irán.



- Como cualificarías este sistema político? Por que?
- Pódense considerar democráticas as eleccións en Irán? Xustifica a resposta.
- Existe a división de poderes?

29 Localiza estes Estados no mapa da unidade. Despois, busca información e clasifica o seu sistema político completando unha táboa coma a de abaixo.

- Marrocos
- Ecuador
- Iraq
- Suecia
- Australia
- Corea do Norte
- India
- China
- Arabia Saudita
- Canadá

	Democracia	Ditadura
Monarquía		
República		

30 Debuxa un mapa mudo da Unión Europea. Escribe o nome dos países membros e as súas capitais no lugar correspondente. Localiza tamén os países candidatos a ingresar na UE.

31 Elabora un mapa político de España. Identifica e escribe o nome das Comunidades e Cidades Autónomas e o das provincias. Despois, localiza cun punto as capitais autonómicas e provinciais e anota o seu nome.

COMPROMETIDOS

Defender os dereitos humanos

Os dereitos humanos son dereitos de carácter civil, político, social, económico e cultural inherentes a todas as persoas, sen distinción de nacionalidade, sexo, raza, lingua, relixión ou calquera outra condición.

Os dereitos básicos están recollidos nos 30 artigos da **Declaración Universal dos Dereitos Humanos**.

Esta foi aprobada en 1948 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas. (21)

En cambio, en moitos lugares do mundo estes dereitos non están garantidos: restrínxese a liberdade de expresión, practícase a tortura, marxínase a mulleres e nenos, perséguese ás persoas por practicar unha determinada relixión...



21. Aprobación da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, en París, o 10 de decembro de 1948.



32 **EDUCACIÓN CÍVICA.** Consulta os 30 artigos da Declaración Universal dos Dereitos Humanos no web <http://www.un.org/es/documents/udhr/index.shtml>.

- Cales che parecen máis importantes? Selecciona dez e explica por que os elixiches.
- Compara as túas opcións coas doutros compañeiros.




33 **USA AS TIC.** Entra en http://www.humanrights.com/es_ES/what-are-human-rights/violations-of-human-rights/article-3.html.

- Explica algún dos casos de violación dos dereitos humanos. Que dereito non se respecta?




RESOLVE UN CASO PRÁCTICO. Analizar o Estado de bienestar en España

22. EVOLUCIÓN DALGÚNS INDICADORES SOCIAIS E ECONÓMICOS



23. A INFLUENCIA DA CRISE E DO ENVELLECIMENTO NO ESTADO DE BENESTAR



34. Analiza os gráficos.

- Describe, unha a unha, a evolución das variables que mostran os gráficos.
- Intenta dar razóns desa evolución.
- Existe algunha relación entre os aspectos representados nos gráficos? Se pensas que si, explica esas relacións.
- Di como crees que afecta a evolución que tivo cada un deses aspectos no Estado de bienestar.

35. Interpreta os esquemas.

- Escribe un breve texto en que expliques as relacións entre os conceptos que recollen os esquemas.

36. Expresa a túa opinión.

- Nos últimos vinte anos, mellorou ou empeorou o Estado de bienestar?
- Cales son as súas maiores ameazas?
- Como se pode manter?


ANÁLISE CIENTÍFICA. Son as redes sociais os novos medios de mobilización política?

A «primavera árabe»

Chamamos «**primavera árabe**» ao conxunto de protestas e revoltas populares iniciadas en Tunisia a comezos de 2011 e que se estenderon despois por gran parte do mundo árabe (Exipto, Marrocos, Alxeria, Libia, Siria...). Denunciaban as inxustizas, a falta de expectativas laborais, a perpetuación dos réximes ditatoriais, o malestar social...

Internet e as redes sociais desempeñaron un papel fundamental nestes movementos revolucionarios.

As tecnoloxías da información e da comunicación facilitaron a rápida mobilización das persoas para actuar politicamente e axudaron a evitar as trabas dos gobernos e a falta de liberdade de expresión nestes países.



FONTE: Elaboración propia e Le Monde Diplomatique.

24. CONSECUENCIAS DA «PRIMAVERA ÁRABE», UNIVERSITARIOS E ACCESO A INTERNET

37 As redes sociais e a «primavera árabe».

- A que chamamos «primavera árabe»? Por que países se estendeu? Que réximes políticos tiñan democracias ou ditaduras? Mantéñense?
- Que porcentaxe de usuarios de Internet había nestes países en 2010, alto ou baixo?
- Por que afirmamos que as redes sociais tiveron un papel crucial nestas revolucións?

38 Examina outros casos, como a campaña electoral do presidente de Estados Unidos Barack Obama.

- Le os datos e opina sobre a importancia que tiveron as novas tecnoloxías nela.

- Recrutou 1,5 millóns de voluntarios por Internet.
- Difundiu 1.800 vídeos en YouTube, que foron vistos máis de 13 millóns de veces.
- Logrou 18 millóns de contactos en Facebook.
- Recadou 800 millóns de dólares, parte deles a través de Internet.

39 USA AS TIC. Analiza o movemento 15-M en España.

- Busca información e explica brevemente o que é o movemento 15-M.
- Le o seguinte texto e responde: cres que as redes sociais influiron no desenvolvemento deste movemento social? Por que?



A Universidade de Zaragoza realizou un estudo sobre o uso das redes sociais nas xornadas de protesta do movemento 15-M en España os días 25 e 26 de abril de 2011. Nese período enviáronse case 600.000 mensaxes entre uns 88.000 usuarios. Podes ver como se recolleron os datos neste enderezo: <http://15m.bifi.es/> (dura 6 minutos e medio).

Ás manifestacións na Porta do Sol de Madrid seguíanas unha acampada, e a esta, outras protestas en diferentes cidades españolas.



ANÁLISE ÉTICA E MORAL. É México un Estado frustrado?

México é a terceira economía de América e a decimocuarta do mundo. É tamén o sétimo país exportador mundial de petróleo. Con todo, o Estado non pode garantir a seguridade aos seus cidadáns.



ALGÚNS DATOS

- En 1824 nomeouse o primeiro presidente de México. Desde entón, a república coñeceu 62 presidentes. Actualmente, o cargo ocúpao Enrique Peña Nieto, tras gañar as eleccións de 2012.

- Entre 2006 e 2013, o número de persoas en situación de pobreza moderada pasou de 42,6 a 53,3 millóns. Nese último ano, 11,5 millóns encontrábanse en situación de pobreza extrema. Un 88,5% dos nenos e adolescentes (33 millóns) viven na pobreza.

Considéranse persoas en situación de **pobreza moderada** as que sofren polo menos unha carencia social (educación, saúde, vivenda, acceso a servizos básicos, seguridade social...) e teñen uns ingresos por debaixo do limiar de benestar económico do país. Cando unha persoa ten tres ou máis carencias sociais e os seus ingresos son inferiores ao limiar de benestar mínimo, díse que está nunha situación de **pobreza extrema**.

- Nese mesmo período, estímase que unhas 80.000 persoas morreron na loita contra o **narcotráfico** e outras 26.000 desapareceron.

- 40 TRABALLO CO ATLAS.** Consulta as estatísticas de México no Atlas e anota o valor dos indicadores económicos e sociais do país. Son propios dun país desenvolvido ou en desenvolvemento? Razona a resposta.

- 41** Analiza os mapas.

- Poderíase establecer unha rexionalización segundo o PIB per cápita?
- Como evolucionou a violencia entre os anos 2006 e 2011?

- 42** Reflexiona e expresa a túa opinión.

- A partir da información desta páxina, cales dirías que son os principais problemas aos que ten que facer fronte o Goberno de México?
- Poden influír eses problemas no desenvolvemento económico do país? Por que?
- Que é un Estado frustrado? Antes de responder, le a información que encontrarás en [www.itesm.mx/wps/wcm/connect/snc/portal+informativo/opinion+y+analisis/firmas/dra.+iliana+rodriguez+santibanez/op\(1ago\)ilianarodriguez](http://www.itesm.mx/wps/wcm/connect/snc/portal+informativo/opinion+y+analisis/firmas/dra.+iliana+rodriguez+santibanez/op(1ago)ilianarodriguez).
- Na túa opinión, cres que México pode considerarse un Estado frustrado? Xustifica a resposta.

The World Factbook: recompilación de datos dun Estado

A Axencia Central de Intelixencia (CIA) de Estados Unidos publica un anuario con multitude de datos sobre os Estados do mundo: *The World Factbook*. Elabórase a partir de diversas fontes, públicas e privadas, e destínase principalmente para uso do Goberno estadounidense, aínda que calquera persoa ou entidade pode consultala.

Esta información tamén está dispoñible en Internet e resulta moi útil para coñecer a situación social, política

e económica dos Estados, non só polos moitos datos que ofrece, senón tamén porque estes se actualizan continuamente (como media, cada dúas semanas).

Visita a páxina web en www.cia.gov/library/publications/resources/the-world-factbook/. Verás que a información se facilita en inglés. Para obter os datos dun Estado, selecciónao no desplegable *Please select a country to view*.

The screenshot shows the CIA World Factbook page for Argentina. Callout boxes point to various features:

- Mapa de localización:** Points to the map of South America with Argentina highlighted.
- Coñece a bandeira:** Points to the flag of Argentina.
- Observa imaxes de satélite do país e das súas paisaxes na galería de fotos:** Points to a satellite image of Argentina.
- Se desexas obter información dun Estado, só tes que buscalo no selector:** Points to the 'Select a Country or Location' dropdown menu.
- Mapa coa localización da capital e coas cidades principais:** Points to a detailed map of Argentina showing major cities.

A información organizase por temas: Introducción (breve historia do Estado), Xeografía (localización, coordenadas xeográficas, superficie, fronteiras, clima, recursos naturais...), Poboación e Sociedade, Goberno, Economía, Comunicacións (TIC), Transportes, Forzas Armadas e Cuestións transnacionais. Preme sobre eles para obteres os datos que buscas.

43 USA AS TIC. En *The World Factbook*, busca a información que necesitas para completar esta ficha sobre Canadá. Anota o ano dos datos de poboación e do PIB.

CANADÁ

- Situación: continente e rexión, coordenadas xeográficas (*Geographic coordinates*), Estados fronteirizos (*Land boundaries* ▶ *border countries*)
- Superficie (*Area*)
- Poboación (*Population*)
- Idioma oficial (*Official language*)
- Forma de goberno (*Government type*)
- Organización territorial (*Administrative divisions*)
- Capital do Estado (*Capital*)
- Data de independencia (*Independence*)
- PIB (*GDP*) e PIB per cápita

★ RECOMENDÁMOSCHE

Un libro:
Miguel Anxo MURADO, *Ruído. Relatos de guerra*, 1995.

Unha película:
Good Bye, Lenin!, dirixida por Wolfgang BECKER, 2003.

Un documental:
La espalda del mundo, dirixido por Javier CORCUERA, 2000.

Unha páxina web:
Unión Europea (http://europa.eu/index_es.htm).